EXERCICIO AUTOAVALIABLE (UNIDADE 12)

CUESTIÓNS:

1. **Le na antoloxía o texto teatral de Manuel Lourenzo e comenta os temas propios da súa obra que nel aparecen, xustificando a resposta.**

2. **Localiza no texto teatral *Mantis* de Raúl Dans unha didascalia que faga referencia ao movemento e accións dos personaxes e outra que faga referencia a outros elementos da representación.**

3. **Le o texto teatral *Noitebra* de Euloxio Ruibal e comenta cales das características propias do Grupo Abrente están presentes nel, xustificando a resposta.**

SOLUCIÓNS:

1. **Le na antoloxía o texto teatral de Manuel Lourenzo e comenta os temas propios da súa obra que nel aparecen, xustificando a resposta.**

   — **O teatro por dentro.** Este tema aparece con frecuencia nas obras de Manuel Lourenzo. Nelas descubrimos personaxes, con frecuencia actores ou directores, inmersos en problemas sociais e psicolóxicos. Wolfang Amadeus Mozart, o gran compositor romántico, é o protagonista de *O reino de atrás.* Non pertence ao mundo do teatro, pero sí das artes. As circunstancias deste personaxe son similares ás dun actor ou director, en definitiva, un artista. Asistimos á recreación dunha escena da súa realidade íntima, acosado polas débedas e outras demandas familiares, e por momentos, ausente da realidade.

   — **A dificultade nas relacións interpersoais.** As relacións familiares e os problemas da comunicación entre persoas é outro dos temas recurrentes na obra de Manuel Lourenzo. Aquí, o diálogo entre os personaxes parece inútil. Conseguen entre todos que Mozart, o protagonista, reaccione ante as súas demandas durante un momento, para finalmente voltar ao seu mundo interior no que vive inmerso.

2. **Localiza no texto teatral *Mantis* de Raúl Dans unha didascalia que faga referencia ao movemento e accións dos personaxes e outra que faga referencia a outros elementos da representación.**

   Abundan no texto as didascalias referentes ao movemento e as accións dos personaxes en escena, coma no seguinte exemplo:

   > *- Ela sae. Pausa longa. Lambda busca baixo o asento da marquesiña e atopa un paquete. Senta. Pausa. Lambda desfai o envoltorio, que agacha unha caixa. Ábrea coidadosamente. O rostro tenso de Lambda transfigúrase nun xesto de horror ao ver o que contén.*

   Outras didascalias fan referencia a outros elementos da representación coma os seguintes:

   - O espazo:

     > *Un cine.*
     > *LAMBDA está sentado nunha butaca da última fila*

   - Os sons:

     > *As palabras de Kappa quedan afogadas no ruído procedente da pantalla. Tras uns segundos, cesa o estrondo.*

3. Le o texto teatral *Noitebra* de Euloxio Ruibal e comenta cales das características propias do Grupo Abrente están presentes nel, xustificando a resposta.

A. Crearon un teatro comprometido coa realidade social e política do país.

A acción reflicte a realidade cotiá das familias máis desfavorecidas: o mundo das drogas, da prostitución, a desestruturación das familias, os malos tratos. Toda a conflictividade doméstica da época sobe á escena da man dos autores do Grupo Abrente.

B. Conseguiron a normalización lingüística da escena.

A riqueza léxica do galego e os diferentes rexistros e niveis están presentes na procura de normalizar o galego. O diálogo dos personaxes reflicte un **rexistro coloquia**l, especialmente a linguaxe de Lito: *"Non pasa nada, vella. Tranqui."*

Nos momentos máis tensos a fala dos personaxes deriva nun **ton vulgar**: *"A ver, ¿canto? Impórtame un collón o puto traballo, ¿óesme?"*

Cabe destacar o emprego de termos da **xerga** do mundo das drogas ou dos baixos fondos: *"Aí había guita miña, veña, devólvema." "Xúroche que non volverei picarme".*

As **didascalias,** por contraste, están elaboradas nun rexistro formal e nun **nivel culto** da lingua:

> *Sala de casa modesta, tan só iluminada pola tenue luz que entra pola vidreira que dá ó patio interior. Ábrese a porta e asoma a cabeza Lito, mozo de vintetantos anos; deslízase logo nas puntas dos pés, procurando non facer ruido. Camiña con inmóbil por un intre. Dirírixe logo á estantería e revolve entre os libros e papeis na procura de algo. Cada vez semella máis impaciente. Cáelle un libro ó chan. Paralízase de novo. Non observa nada anormal; reanuda a busca. Acéndese a luz e Lito sobresáltase.*

Este contraste, fai desta obra, e doutras daquel momento, unha mostra viva do uso e riqueza do galego da época.